

58

- ● ● ● ● EXPRESIÓN VERBAL
- ● ● ● ● EXPRESIÓN CORPORAL
- ● ● ● ● CREATIVIDADE
- ● ● ● ● VOCABULARIO
- ● ● ● ● ESCOITA ACTIVA
- ● ● ● ● TRABALLO EN GRUPO
- ● ● ● ● DIFICULTADE

6 ou máis participantes
15 minutos

Desafío

Grupo. Coordinación. Comunicación

A ARAÑEIRA

MATERIAIS

Corda.

ESPAZO

Espazo onde se poidan tender cordas a xeito de arañeira.
Por exemplo, entre dúas árbores ou columnas.

DESCRICIÓN

Nun espazo entre dúas columnas, árbores, postes...

créase previamente con corda unha arañeira con tantos ocos como persoas van participar do desafío.

Os participantes son convidados a atravesar unha arañeira máxica.

A arañeira é máxica porque ten curiosas propiedades:

non se poden tocar os fíos da tea, pois resultan especialmente venenosos; e só unha persoa pode atravesar cada un dos buratos.

Os participantes deben organizarse axeitadamente para cumprir a misión.

No caso de que non o logren, sempre poden reiniciar a acción e aprender a organizarse axeitadamente.

